

INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSICIÓN CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDEN DE XUÍZO DE VALOR NO PROCEDEMENTO DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL PARA AO PARLAMENTO DE GALICIA

1.- OBXETO

Procédese á avaliación das ofertas presentadas polas empresas concorrentes con relación á documentación do sobre B "Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor".

2.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

Conforme ao disposto na cláusula sexta, documentación e contido, no seu apartado referente a "Sobre B, documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor", do prego de cláusulas administrativas particulares para dita contratación administrativa, publicado no BOPG 377, de 21 de novembro de 2014, a documentación requirida é a seguinte:

Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

En todo caso deberá conter a documentación esixida no apartado 26 do cadro de especificacións.

Neste sobre B non se poderán incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas do punto 16 do cadro de especificacións, a cal debe incluírse no sobre C. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a avaliación das proposicións presentadas teranse en conta os criterios recollidos na cláusula décima do prego "Criterios para a valoración das proposicións" e que figuran recollidos no punto 16 do "cadro de especificacións do contrato":

Criterios de adxudicación

I. Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 10 puntos:

Valorarase na oferta de realización de estudos de eficiencia enerxética nos sistemas de calefacción e/ou climatización, implantación de medidas e equipamentos con tecnoloxías tendentes á mellora da eficiencia enerxética no consumo de gas e diminución de gases de efecto invernadoiro, proposta de plan de atención ao cliente, desenvolvemento de mecanismos e solucións administrativas que incidan nun posible aforro da facturación do consumos gas, compromiso explícito de realización doutras auditorías enerxéticas.



4.- VALORACIÓN PROPOSTAS PRESENTADAS.

4.1 Ofertas presentadas

As empresas que presentaron proposicións ao procedemento foron as seguintes:

- Gas Natural comercializadora, s.a. (núm.rexi:31443)
- Endesa enerxía, s.a.u. (núm.rexi:31484)

4.2 Determinación de puntos das dúas propostas:

Conforme aos criterios de adxudicación preséntase o cadro coa descrición das propostas e a súa valoración técnica comparada.

Tipo proposta ofertada Reparto de puntos: ata 10	EMPRESAS			
	Gas Natural comercializa, s.a.		Endesa enerxía, s.a.u.	
	Descrición	Puntos	Descrición	Puntos
<ul style="list-style-type: none"> - estudos de eficiencia enerxética nos sistemas de calefacción e/ou climatización - compromiso explícito de realización doutras auditorías enerxéticas ATA 4 PUNTOS	Non presenta proposta.	0	Non presenta proposta.	0
<ul style="list-style-type: none"> - implantación de medidas e equipamentos con tecnoloxías tendentes á mellora da eficiencia enerxética no consumo de gas ATA 4 PUNTOS	Non presenta proposta.	0	Non presenta proposta.	0
<ul style="list-style-type: none"> - proposta de plan de atención ao cliente - <i>desenvolvemento de mecanismos e solucións administrativas que incidan nun posible aforro da facturación</i> ATA 2 PUNTOS	Presenta unha relación de medios persoais da empresa postos a disposición do PG. Ofrece un curso sobre enerxía+sostenible	2	Presenta un acceso web para usuarios no que poder consultar datos de consumo e información referente aos mercados	1

	<p>Pon a disposición o sistema de xestión denominado "Clientes Premium", para a xestión administrativa personalizada, que favorecería unha "interlocución directa, rápida e eficaz", mediante o que denominan o "middle office" e "clientes especiais".</p> <p>Detallan unha serie de servizos de xestión da facturación e acceso á información de consumos inmediato vía online mediante unha "oficina virtual".</p> <p>Ofertan un curso formato e-learning sobre</p>		<p>enerxéticos e como afectan no suministro ao Parlamento de Galicia.</p> <p>E posibilidade de facer un seguimento de consumos e facturación mediante o "listado de facturación".</p> <p>Neste apartado a proposta é menos completa que a da outra oferta.</p>	
--	--	--	--	--

	<p>funcionamento de mercados enerxéticos e sobre a realidade enerxético do cliente.</p> <p>Neste apartado a proposta considérase completa.</p>			
Total		2		1
	Gas Natural comercializa, s.a.		Endesa enerxía, s.a.u.	



4.3 Puntos asignados a cada unha das ofertas:

Vistas e estudadas as propostas, e de acordo co cadro de valoración do apartado anterior, os puntos acadados por cada empresa son:

- Gas Natural comercializadora, s.a.: **2 puntos.**
- Endesa energía, s.a.u.: **1 punto.**

En Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro de 2015

O técnico do Servizo de Réxime Interior
Martín Nercellas Méndez

Vº e prace
O xefe do Servizo de
Réxime Interior



F. Javier Freire González
F. Javier Freire González

SERVIZO DE REXIME INTERIOR